



## **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA OITO DE XANEIRO DE 2015.

**PRESIDENTE**

Sr. D. Luis Rubido Ramonde

**CONCELLEIROS**

Don Alfredo Vilela Santalla Don

Pablo Luis Nebril López

Don Juan Carlos Romero Beceiro

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás catorce horas e cero minutos do día oito de xaneiro de dous mil quince, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretario o titular da Corporación don Iago Manuel Bermejo Varga, que dá fe do acto.

**AUSENTES: SECRETARIO:**

Don Iago Manuel Bermejo Varga

**INTERVENTOR:**

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.



# **CONCELLO DE CEDEIRA** (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

## **1.- APROBACIÓN DA ACTA DE 19.12.2014**

### **2.- EXPTE OBRA MENOR 2014/U009/000067**

Acordos adoptados:

- 1.- Desestimar as alegacións presentadas, e en consecuencia, denegar a licenza de obra menor solicitada
- 2.- Incoar o correspondente Expediente de Reposición da Legalidade Urbanística, pola execución de obras sen licenza.
- 3.- Notificar o presente acordo ós interesados

### **3.- APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA, DE UN POSTO DE TRABALLO DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL**

Acordos adoptados:

- 1.- Aprobar as bases específicas para a provisión dunha praza de emprego público oferta no exercicio 2014, que figuran coma ANEXO.
- 2.- Realizar os anuncios oficiais de acordo coas bases específicas da convocatoria

### **4.- CONVENIO DE ADHESIÓN Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS- 1º SEMESTRE 2015 (AGADIC)**

Acordos adoptados:

- 1.- Aprobar o “Convenio de Adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios – 2015” para o 1º semestre de 2015, da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e remitir dous exemplares asinados polo Sr. alcalde como representante do Concello.
- 2.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida correspondente do orzamento municipal en vigor.
- 3.- Contratar as actuacións propostas polos importes indicados.
- 4.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Tesourería e Intervención; así como ao de Contratación.

### **5.- ASUNTOS VARIOS**

Non hai

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás catorce horas e trinta minutos do expresado día.